

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2022/16	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria urxente Xustificada na necesidade de cumprimento de prazos administrativos e atención a necesidades de servizos básicos.
Data	22 de NOVEMBRO de 2022
Duración	Desde as 20:00 ata 20:30 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
Secretario	MINIA ASTRAY BARCA

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SI
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SI
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SI
45961024D	ANXO NUÑEZ FERNÁNDEZ	SI
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	SI
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SI
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SI
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SI
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	SI
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SI



76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SI

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- Pronunciamento do Pleno sobre a urxencia.

Favorable

Tipo de votación

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA DO PLENO E PROPOSTA DA ALCALDÍA

A urxencia da convocatoria vén determinada polos prazos necesarios para que a transferencia de crédito proposta teña efectos, toda vez que se precisa que estea vixente a principios da última semana do exercicio 2022, e é necesario sometela a un proceso de información pública mediante a publicación no BOP.

En canto á proposta concreta, debemos indicar que esta transferencia de crédito entre distintas áreas de gasto non implica maiores créditos orzamentarios, senón que é precisa para atender as maiores necesidades na área de gasto 1 (servizos públicos básicos). En particular, 42.800 € servirán para incrementar a partida destinada a combustibles e carburantes (160.22103), a cal derivada da situación de prezos a nivel global, ten unha dotación inicial moi deficitaria. Outros 22.000 € van dedicados a partida de outros investimentos en infraestruturas e, máis concretamente, para atender os custes de redacción e dirección de obras que non conta cunha dotación inicial adecuada.

DEBATE

Toma a palabra a Sra. Molinos voceira do PP que indica que descoñecen o motivo desta urxencia porque non tivemos acceso de saber os detalles deste expediente e polo tanto non temos os seguintes datos para tomar unha postura sobre a urxencia do mesmo.

Toma a palabra o Sr. Núñez voceiro do BNG que indica que entenden que poida



ver certa urxencia porque todos sabemos a crise enerxética pero como se comentou faltan moitos documentos para estudar a problemática, e polo tanto que xustifiquen esta urxencia.

Toma a palabra o Sr. Caamaño voceiro do Partido Socialista que indica que urxente ten que ser cando o fai vir de onte para hoxe. Creo que lle esta pasando con varias cousas, que se acerca o final de ano e os deberes están sen facer e vese na obriga de facer estas cousas extraordinarias. Supoño que será urxente para o seu goberno porque convocalo a dous días dun pleno ordinario e outro extraordinario á volta da esquina.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 abstencións

BNG: 2 abstencións

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 abstención

2. Expediente 768/2022. Modificación de Créditos

Favorable

Tipo de votación

DEBATE

Toma a palabra o Sr. Alcalde para ler a proposta correspondente ao Expediente 768/2022 correspondente a unha transferencia de crédito e fai referencia ás diferentes cuestións plasmadas no acordo e que a mesma ten que ver co preza da enerxía e as partidas destinado ao pago das mesmas e afecta a área de gasto 1. o que se propón é sen incrementar o montante total pretendemos optimizar o orzamento, que non haxa partidas onde non podemos pagar facturas e noutras queden con crédito sen uso. Fai referencia a algunhas das casuísticas que se deron con relación a diferentes departamentos e por iso non foi posible traelo con anterioridade.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que como calquera pode entender debida á apresurada convocatoria e co breve contido da memoria non se pode dicir que nos outorgasen o tempo nin datos suficiente para tomar unha postura documentada. Na memoria de Alcaldía na que se inclúe no expediente vostede



despacha o apartado de xustificación con tres liñas e procede á lectura da mesma. Esta é a breve xustificación de non ter estes cartos para facer fronte a non sabemos que gastos e que cremos que deberían ter previstos pola aprobación extemporánea do orzamento. Esperemos que neste Pleno o Sr. Alcalde que aclare os gastos que se teñen que facer e para os que non teñen suficiente crédito. Que gastos son eses que non foron capaces de prever fai seis meses? Non sabemos se está preparando xa a orzamento de 2023 ou actuarán coa mesma irresponsabilidade como os últimos anos.

Noutro orde de cousas sabemos que o principio de estabilidade orzamentaria está suspendido neste exercicio e este procedemento que trae a Pleno require igualmente ese calculo de estabilidade orzamentaria aínda que só sexa con carácter informativo. Sendo así por parte de Intervención realizouse ese cálculo e o resultado é o seguinte: en consecuencia con base nos cálculos detallados esta entidade presenta a necesidade de financiamento de 890.701,73 €, os cartos non son eternos. A nós parécenos que se fosen pagando pouco a pouco as facturas houberan detectado con anterioridade este problema.

Toma a palabra o voceiro do BNG o Sr. Núñez que quere indicar en primeiro lugar que é importante que a información foi escasa e con pouco tempo para o estudo. A información é escasa e dificulta a súa análise porque nin puxeron o nome das partidas cousa que deberían aparecer para coñecemento de todos. Por certo, a día de hoxe no portal de transparencia segue sen colgar o orzamento vixente. Creo que é importante lembrarilles a súa falta de previsión en diferentes cuestións como o POS e na súa incapacidade de previsión. Todos sabíamos cando empezou o ano que os prezos estaban subindo e todos sabíamos que ía a ser un incremento no gastos e vostedes non tiveron a ben falar con demais para a elaboración do orzamento. Estamos a rematar novembro e que nós saibamos non hai ningún diálogo para un orzamento para 2023, entendemos que non van a presentar ningún orzamento máis no que queda de mandato.

Aínda nos xurdiron máis dúbidas e indica que por exemplo a partida de persoal estaba por riba do que se vai a gastar pero visto o orzamento vostedes non resta de persoal e na urxencia fala de que 22.000 € van adicados a outros investimentos e máis concreto para direccións de obras. Precisamos que nos aclaren todo isto e resaltar que estes gastos imprevistos que ben poden vir desa subida que diferente sería se tiveramos unha tarifa eléctrica galega. Que un país que produce unha cantidade de enerxía inxente de renovable e un país como Galicia que un día como onte foi a que mais enerxía produciu.



Toma a palabra o Sr. Caamaño voceiro do Partido Socialista que indica que para poder avaliar este cambio que solicitan deberíamos ter de man unha Interventora para ver os cambios que nos afectan e como non temos esa posibilidade e como non podemos valoralos neste tempo e coa présa que vostede nos solicitou seguramente non podamos votar a favor da súa solicitude.

De todos xeitos dicir que seguen sendo os seus orzamentos e como comprenderá o Partido Socialista non os aprobou e por iso tampouco os cambios que solicita. Na nosa situación e co noso sentido común, son os seus orzamentos e sigan vostedes facendo que mellor lle conveña. Cremos que vostede non cumpriu as expectativas dos veciños, preferimos que cambie ou faga vostede a transferencia de crédito e que non tire de remanentes como sole suceder.

Toma a palabra o Sr. González que indica que con relación ao sinalado polo PP hai outro documento, a xustificación da urxencia, onde se di que a mesma non implica máis créditos extraordinarios senón na área de gasto 1, e fai referencia ás contías establecidas na xustificación da urxencia. Indica que ben é certo que o nome das partidas poderían aparecer pero en calquera programa poden atopalo e procede á explicación das diferentes partidas da proposta. E fai referencia aos 22.000 € das direccións de obras, xa que, vimos que unha serie de gastos que poderían cubrirse coa partida 9 pois non pode cubrirse e tense que cubrir coa partida do investimento concreto, é unha cuestión estritamente contable.

Por outra banda, todo o mundo está con esta problemática incluso tirando de remanentes e outras fórmulas, todo por unha serie de acontecementos imprevisible.

Con relación ao desfase na estabilidade orzamentaria é unha cuestión que xa temos comentado aquí, ese desfase é porque agora se están realizando moitos investimentos que están financiados cos remanentes, entón é o que fai ese desfase.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que os orzamentos estudados non deberían selo tanto cando como di fai pouco descubriron que as direccións de obra non podían ir nunha determinada partida e tiñan que ir noutra. A ver se para 2023 non teñen que estudar e fan uns orzamentos en tempo para os veciños de Outes, póñase a traballar.

Toma a palabra o Sr. Núñez que insiste no xa dito, que as informacións sobre o concreto non son suficientes, non temos documentación a maiores nin facturas que poidan determinar eses gastos e polo tanto, non podemos posicionarnos. Insistimos que como a vostedes tanto se lles enche a boca entre outras moitas



cousas coa transparencia e a accesibilidade nós buscamos os programas pero porque vostedes non o meteron. Pero non é o tempo que adicamos os Concelleiros senón que os cidadáns cando saia no BOP non van a ter tantas facilidades, o seu orzamento vixente segue sen estar colgado no portal de transparencia.

Toma a palabra o Sr. Caamaño para facer unha recomendación perda vostede a costume porque sempre ven co dos demais concellos e fíxese que o outro día veume un problema electrónico e acordeime de vostede. Era en Pontedeume e voulle dicir alí están amañando as vellas escolas unitarias cousa que aquí tamén se está facendo e teñen un convenio coa Deputación para sufragar os gastos entre ambos independentemente de obras do POS. O que facemos aquí é sufragalas directamente con recursos do Concello sen axudas de ningún tipo. Os demais concellos tamén piden axudas e rógollo ou recoméndolle que non me poña de exemplo aos demais.

Toma a palabra o Sr. González que indica que normalmente poñemos os exemplos doutros concellos cando sabemos que non son como queríamos que foran pero os outros concellos pónenos a nós de exemplo cando as cousas están ben.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 abstencións

BNG: 2 abstencións

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 abstención

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de modificación de créditos coa modalidade de transferencia de créditos núm. 8/2022 entre aplicacións de distinta área de gasto, como segue a continuación:

Baixas en Aplicacións de Gastos



Aplicación		Créditos totais consignados	Transferencias de crédito	Créditos definitivos
Programa	Económica			
920	22707	50.000,00 €	-40.000,00 €	10.000,00 €
934	12009	30.576,85 €	-10.000,00 €	20.576,85 €
934	12100	23.120,16 €	-10.000,00 €	13.120,16 €
011	31000	1.000,00 €	-800,00 €	200,00 €
011	83000	5.000,00 €	-4.000,00 €	1.000,00 €
			-64.800,00 €	



Altas en Aplicacións de Gastos

Aplicación		Créditos totais consignados	Transferencias de crédito	Créditos definitivos
Programa	Económica			
160	22103	58.248,05 €	42.800,00 €	101.048,05 €
1532	61900	1.044.663,63 €	22.000,00 €	1.066.663,63 €
			64.800,00 €	

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio insiro no taboleiro de edictos do Concello e no *Boletín Oficial da Provincia*, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado



se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Remata a sesión ás 20:30 horas do que, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

